

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

- 15718** *Orde PRE/2671/2009, do 29 de setembro, pola que se inclúen no anexo I do Real decreto 2163/1994, do 4 de novembro, polo que se implanta o sistema harmonizado comunitario de autorización para comercializar e utilizar produtos fitosanitarios, varias substancias activas e microorganismos como substancias activas.*

A Directiva 91/414/CEE do Consello, do 15 de xullo de 1991, relativa á comercialización de produtos fitosanitarios, inclúe no seu anexo I as substancias activas que foron autorizadas para a súa incorporación nos produtos fitosanitarios. A dita directiva incorpórase ao ordenamento xurídico español en virtude do Real decreto 2163/1994, do 4 de novembro, polo cal se implanta o sistema harmonizado comunitario de autorización para comercializar e utilizar produtos fitosanitarios. Por outra parte, na Orde do 14 de abril de 1999, establécese o anexo I do dito real decreto, baixo a denominación «Lista comunitaria de substancias activas», que se define no artigo 2.16 do dito real decreto como a lista das substancias activas de produtos fitosanitarios aceptadas pola Comisión Europea e cuxa incorporación se fará pública mediante disposicións nacionais, ditadas ao abeiro das correspondentes normas comunitarias.

A Directiva 91/414/CEE do Consello, do 15 de xullo de 1991, foi modificada por sucesivas directivas co fin de incluír no seu anexo I determinadas substancias activas. Así, mediante a Directiva 2008/107/CE, do 25 de novembro, inclúense as substancias activas abamectina, epoxiconazol, fenpropimorf, fenpiroximato e tralcoxidim; mediante a Directiva 2008/108/CE, do 26 de novembro, inclúense as substancias activas flutolanilo, benfluralina, fluazinam, fuberidazol e mepiquat; coa Directiva 2008/113/CE, do 8 de decembro, inclúense varios microorganismos como substancias activas; mediante a Directiva 2008/116/CE, do 15 de decembro, inclúense as substancias activas aclonifen, imidacloprid e metazacloro; coa Directiva 2008/125/CE, do 19 de decembro, incorpóranse o fosforo de aluminio, o fosforo de calcio, o fosforo de magnesio, o cimoxanilo, o dodemorf, o éster metílico de ácido 2,5-diclorobenzoico, a metamitrona, a sulcotriona, o tebuconazol e o triadimenol como substancias activas; e mediante a Directiva 2008/127/CE, do 18 de decembro, inclúense varias substancias activas.

As disposicións citadas establecen as condicións para que a comercialización de produtos fitosanitarios que conteñan as referidas substancias activas non teñan efectos nocivos para a saúde humana ou a saúde animal nin para as augas subterráneas, nin teñan repercusións inaceptables para o ambiente, así como para que se revisen as autorizacións existentes de produtos fitosanitarios que conteñan algunha das substancias activas que se inclúen no anexo I da Directiva 91/414/CEE do Consello, do 15 de xullo de 1991, modificándoas ou retirándoas, de conformidade co establecido para o efecto na dita directiva.

Esta orde incorpora ao ordenamento xurídico interno as directivas 2008/107/CE da Comisión, do 25 de novembro, 2008/108/CE da Comisión, do 26 de novembro, 2008/113/CE da Comisión, do 8 de decembro, 2008/116/CE da Comisión, do 15 de decembro, 2008/125/CE da Comisión, do 19 de decembro, e 2008/127/CE da Comisión, do 18 de decembro, polas cales se inclúen as substancias activas abamectina, epoxiconazol, fenpropimorf, fenpiroximato, tralcoxidim, flutolanilo, benfluralina, fluazinam, fuberidazol, mepiquat, varios microorganismos como substancias activas, aclonifen, imidacloprid, metazacloro, fosforo de aluminio, fosforo de calcio, fosforo de magnesio, cimoxanilo, dodemorf, éster metílico de ácido 2,5-diclorobenzoico, metamitrona, sulcotriona, tebuconazol, triadimenol e outras varias substancias activas e se dita de acordo coa disposición derradeira primeira do Real decreto 2163/1994, do 4 de novembro.

A Comisión Interministerial para a Ordenación Alimentaria emitiu informe preceptivo sobre esta disposición. Así mesmo, na súa tramitación foron consultadas as comunidades autónomas e os sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño e da ministra de Sanidade e Política Social, dispoño:

Artigo único. Modificación do anexo I do Real decreto 2163/1994, do 4 de novembro, polo cal se implanta o sistema harmonizado comunitario de autorización para comercializar e utilizar produtos fitosanitarios.

Modifícase o anexo I do Real decreto 2163/1994, do 4 de novembro, polo cal se implanta o sistema harmonizado comunitario de autorización para comercializar e utilizar produtos fitosanitarios da forma seguinte:

Inclúense as seguintes substancias activas: abamectina, epoxiconazol, fenpropimorf, fenpiroximato, tralcoxidim, flutolanilo, benfluralina, fluazinam, fuberidazol, mepiquat, varios microorganismos como substancias activas, aclonifen, imidacloprid, metazacloro, fosfuro de aluminio, fosfuro de calcio, fosfuro de magnesio, cimoxanilo, dodemorf, éster metílico de ácido 2,5-diclorobenzoico, metamitrona, sulcotriona, tebuconazol, triadimenol e outras varias substancias activas.

Disposición adicional única. *Revisión das autorizacións.*

1. Co fin de verificar que se cumpren as condicións de inclusión e renovacións establecidas no anexo desta orde, as autorizacións existentes e as provisionais dos produtos fitosanitarios que conteñan as substancias activas afectadas, concedidas con anterioridade ao inicio do seu prazo de inclusión ou renovación, serán revisadas adoptando e aplicando as correspondentes resolucións antes de que expire o respectivo prazo establecido no dito anexo.

2. A verificación do cumprimento dos requisitos de documentación especificados no artigo 29.1.a) do Real decreto 2163/1994, do 4 de novembro, contidos no anexo III da Orde do 4 de agosto de 1993, pola cal se establecen os requisitos para solicitudes de autorizacións de produtos fitosanitarios, e a avaliación conforme os principios uniformes contido no anexo da Orde do 29 de novembro de 1995, pola cal se establecen os principios uniformes para a avaliación e autorización de produtos fitosanitarios, deberanse realizar adoptando e aplicando as correspondentes resolucións antes de que expire o respectivo prazo para a aplicación dos ditos principios uniformes que para cada unha das substancias activas se indican no anexo desta orde, tendo en conta, ademais, as condicións da versión final do correspondente informe de avaliación da Comisión Europea, aprobado no Comité Permanente da Cadea Alimentaria e Sanidade Animal.

3. No Rexistro oficial de produtos e material fitosanitario da Dirección Xeral de Recursos Agrícolas e Gandeiros, do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, quedarán á disposición dos interesados os informes de revisión da Comisión Europea, a que se refire o número anterior, así como os da Comisión de Avaliación de Produtos Fitosanitarios previstos no artigo 3 do Real decreto 2163/1994, do 4 de novembro. Todo iso con excepción da información confidencial definida no artigo 32 do dito real decreto.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta disposición entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado», sen prexuízo do establecido na disposición adicional única e do cumprimento dos prazos que para cada substancia activa e para cada fase figuran no anexo.

Madrid, 29 de setembro de 2009.—A vicepresidenta primeira do Goberno e ministra da Presidencia, María Teresa Fernández de la Vega Sanz.

ANEXO

Inclusión das substancias activas no anexo I

Condicións da inclusión da substancia activa Abamectina

Características:

Nome común: Abamectina.

N.º CAS: 71751-41-2.

N.º CIPAC: 495.

Avermectina B_{1a}.

Nº CAS: 65195-55-3.

Avermectina B_{1b}.

Nº CAS: 65195-56-4.

Nome químico (IUPAC):

Avermectina B1a:

(10E, 14E, 16E, 22Z)-(1R, 4S, 5'S, 6S, 6'R, 8R, 12S, 13S, 20R, 21R, 24S)-6'-[(S)-secbutil]-21, 24-dihidroxi-5', 11, 13, 22-tetrametil-2-oxo-3, 7, 19-trioxatetraciclo[15.6.1.^{4.8}0^{20.24}]pentacosa-10, 14, 16, 22-tetraeno-6-espiro-2'-(5'6'-dihidro-2'H-piran)-12-il 2, 6-dideoxi-4-O-(2, 6-dideoxi-3-O-metil- α -L-arabino-hexopiranosil)-3-O-metil- α -L-arabino-hexopiranosido.

Avermectina B1b.

(10E, 14E, 16E, 22Z)-(1R, 4S, 5'S, 6S, 6'R, 8R, 12S, 13S, 20R, 21R, 24S)-6'-[(S)-secbutil]-21, 24-dihidroxi-5', 11, 13, 22-tetrametil-2-oxo-3, 7, 19-trioxatetraciclo[15.6.1.^{4.8}0^{20.24}]pentacosa-10, 14, 16, 22-tetraeno-6-espiro-2'-(5'.6'-dihidro-2'H-piran)-12-il 2, 6-dideoxi-4-O-(2, 6-dideoxi-3-O-metil- α -L-arabino-hexopiranosil)-3-O-metil- α -L-arabino-hexopiranosido.

Pureza mínima da substancia: \geq 850 g/kg.

Condicións da inclusión:

Parte A: Usos: só poderá ser utilizado como insecticida ou acaricida.

Parte B: Na avaliación das solicitudes de autorización de produtos fitosanitarios que conteñan abamectina para outros usos que os correspondentes ao tratamento dos cítricos, as leitugas e os tomates, deberanse avaliar de acordo cos principios uniformes, atendendo ao establecido no artigo 15 do Real decreto 2163/1994.

Para a aplicación dos principios uniformes, atendendo ás conclusións do informe de revisión da Comisión Europea, aprobado polo Comité Permanente da Cadea Alimentaria e de Sanidade Animal na súa reunión do 11 de xullo de 2008, deberase atender especialmente:

Á seguranza dos operarios, e incluír como condición nas correspondentes autorizacións, cando corresponda, a utilización de equipamentos de protección individual adecuados.

Aos residuos nos alimentos de orixe vexetal e avaliar a exposición dos consumidores a través da alimentación.

Á protección das abellas, os artrópodos non obxecto do tratamento, as aves, os mamíferos e os organismos acuáticos; en relación con estes riscos identificados deberanse aplicar, como condición nas correspondentes autorizacións, cando corresponda, medidas de redución do risco, como zonas buffer e períodos de espera.

No prazo de dous anos a partir da data de inclusión da abamectina, o/os notificador/es da substancia activa deberá/án presentar:

Novos estudos sobre as especificacións.

Información para controlar mellor a avaliación do risco para aves e mamíferos.
Información para controlar o risco para os organismos acuáticos con respecto aos metabolitos do solo.

Información para controlar o risco para as augas subterráneas con respecto ao metabolito U8.

Prazo da inclusión: do 1 de maio de 2009 ao 30 de abril de 2019.

Prazo para a aplicación das condicións de inclusión: o 30 de abril de 2009.

Prazo para a aplicación dos requisitos dun anexo II: o 31 de outubro de 2009, para dispoñer que o titular da autorización teña acceso a unha documentación que reúna os requisitos do anexo II do Real decreto 2163/1994, cando a súa substancia sexa de procedencia distinta á do notificador principal.

Prazo para a aplicación dos principios uniformes: o 30 de abril de 2013 para produtos que conteñan abamectina como única substancia activa, ou ben como unha de varias substancias activas incluídas na súa totalidade no anexo I do Real decreto 2163/1994 para a dita data, ou se é posterior, na data límite que estableza a orde pola cal se inclúen as substancias activas en cuestión no anexo I do citado real decreto.

Protección de datos: por ser a abamectina unha substancia activa antiga, aplicarase o réxime correspondente de protección de datos previsto no artigo 30 do Real decreto 2163/1994.

Condicións da inclusión da substancia activa Epoxiconazol

Características:

Nome común: Epoxiconazol.

N.º CAS: 135319-73-2 (anteriormente 106325-08-0).

N.º CIPAC: 609.

Nome químico (IUPAC): (2RS, 3SR)-1-[3-(2-clorofenil)-2,3-epoxi-2-(4-fluorofenil)propil]-1H-1,2,4-triazol.

Pureza mínima da substancia: ≥ 920 g/kg.

Condicións da inclusión:

Parte A: Usos: só poderá ser utilizado como funxicida.

Parte B: Para a aplicación dos principios uniformes, atendendo ás conclusións do informe de revisión da Comisión Europea, aprobado polo Comité Permanente da Cadea Alimentaria e de Sanidade Animal na súa reunión do 11 de xullo de 2008, deberase atender especialmente:

Á seguranza dos operarios e incluír como condición nas correspondentes autorizacións, cando corresponda, a utilización de equipamentos de protección individual axeitados.

Á exposición dos consumidores a través da alimentación aos metabolitos de epoxiconazol (triazol).

Ao potencial de transporte a gran distancia polo aire.

Ao risco para organismos acuáticos, aves e mamíferos, e incluír como condición nas correspondentes autorizacións, cando corresponda, medidas de redución do risco.

O/os notificador/es da substancia activa deberá/án presentar novos estudos que aborden as potenciais propiedades como alterador endócrino do epoxiconazol nos dous anos seguintes á adopción das directrices da OCDE sobre ensaios relativos á alteración endócrina ou de directrices de ensaio acordadas no ámbito comunitario.

Como máis tarde o 30 de xuño de 2009, o/os notificador/es da substancia activa deberá/án presentar un programa de seguimento para avaliar o transporte a longa distancia do epoxiconazol na atmosfera e os riscos ambientais asociados. Os resultados deste seguimento presentaranse á Comisión Europea en forma de informe de seguimento, como máis tarde o 31 de decembro de 2011.

No prazo de dous anos a partir da data de inclusión do epoxiconazol, o/os notificador/es da substancia activa deberá/án presentar información sobre os residuos de metabolitos de epoxiconazol nos cultivos primarios, os cultivos rotatorios e os produtos de orixe animal, así como información para controlar mellor o risco a longo prazo para aves e mamíferos herbívoros.

Prazo da inclusión: do 1 de maio de 2009 ao 30 de abril de 2019.

Prazo para a aplicación das condicións de inclusión: o 30 de abril de 2009.

Prazo para a aplicación dos requisitos dun anexo II: o 31 de outubro de 2009, para dispoñer que o titular da autorización teña acceso a unha documentación que reúna os requisitos do anexo II do Real decreto 2163/1994, cando a súa substancia sexa de procedencia distinta á do notificador principal.

Prazo para a aplicación dos principios uniformes: o 30 de abril de 2013 para produtos que conteñan epoxiconazol como única substancia activa, ou ben como unha de varias substancias activas incluídas na súa totalidade no anexo I do Real decreto 2163/1994 para a dita data, ou se é posterior, na data límite que estableza a orde pola cal se inclúen as substancias activas en cuestión no anexo I do citado real decreto.

Protección de datos: por ser o epoxiconazol unha substancia activa antiga, aplicarase o réxime correspondente de protección de datos previsto no artigo 30 do Real decreto 2163/1994.

Condicións da inclusión da substancia activa Fenpropimorf

Características:

Nome común: Fenpropimorf.

N.º CAS: 67564-91-4.

N.º CIPAC: 427.

Nome químico (IUPAC): (RS)-cis-4-[3-(4-tert-butilfenil)-2-metilpropil]-2,6-dimetilmorfolina.

Pureza mínima da substancia: \geq 930 g/kg.

Condicións da inclusión:

Parte A: Usos: só poderá ser utilizado como funxicida.

Parte B: Para a aplicación dos principios uniformes, atendendo ás conclusións do informe de revisión da Comisión Europea, aprobado polo Comité Permanente da Cadea Alimentaria e de Sanidade Animal na súa reunión do 11 de xullo de 2008, deberase atender especialmente:

Á seguranza dos operarios e traballadores, e incluír como condición nas correspondentes autorizacións, cando corresponda, a utilización de equipamentos de protección individual adecuados, así como medidas de redución do risco para limitar a exposición, como restricións das horas de traballo ao día.

Á protección das augas subterráneas, cando a substancia se aplique en zonas con solos ou condicións climáticas vulnerables.

Á protección dos organismos acuáticos, e incluír como condición nas correspondentes autorizacións, cando corresponda, medidas de redución do risco, como zonas buffer, redución da achega de escuramentos e embocaduras antideriva.

No prazo de dous anos a partir da data de inclusión do fenpropimorf, o/os notificador/es da substancia activa deberá/án presentar estudos adicionais, co fin de confirmar a mobilidade en solo do metabolito BF-421-7.

Prazo da inclusión: do 1 de maio de 2009 ao 30 de abril de 2019.

Prazo para a aplicación das condicións de inclusión: o 30 de abril de 2009.

Prazo para a aplicación dos requisitos dun anexo II: o 31 de outubro de 2009, para dispoñer que o titular da autorización teña acceso a unha documentación que reúna os

requisitos do anexo II do Real decreto 2163/1994, cando a súa substancia sexa de procedencia distinta á do notificador principal.

Prazo para a aplicación dos principios uniformes: o 30 de abril de 2013 para produtos que conteñan fenpropimorf como única substancia activa, ou ben como unha de varias substancias activas incluídas na súa totalidade no anexo I do Real decreto 2163/1994 para a dita data, ou se é posterior, na data límite que estableza a orde pola cal se inclúen as substancias activas en cuestión no anexo I do citado real decreto.

Protección de datos: por ser o fenpropimorf unha substancia activa antiga, aplicarase o réxime correspondente de protección de datos previsto no artigo 30 do Real decreto 2163/1994.

Condições da inclusión da substancia activa Fenpiroximato

Características:

Nome común: Fenpiroximato.

N.º CAS: 134098-61-6.

N.º CIPAC: 695.

Nomequímico(IUPAC): Tert-butil(E)-alfa-(1,3-dimetil-5-fenoxipirazol-4-ilmetileneaminox)-p-toluato.

Pureza mínima da substancia: ≥ 960 g/kg.

Condições da inclusión:

Parte A: Usos: só poderá ser utilizado como acaricida.

Non se poderán autorizar os usos en aplicacións en cultivos altos con risco elevado de deriva, por exemplo difusores de aire instalados en tractores e mecanismos portátiles.

Parte B: Para a aplicación dos principios uniformes, atendendo ás conclusións do informe de revisión da Comisión Europea, aprobado polo Comité Permanente da Cadea Alimentaria e de Sanidade Animal na súa reunión do 11 de xullo de 2008, deberase atender especialmente:

Á seguranza dos operarios, e incluír como condición nas correspondentes autorizacións, cando corresponda, a utilización de equipamentos de protección individual axeitados.

Á protección dos organismos acuáticos e artrópodos non obxectivo do tratamento, e incluír como condición nas correspondentes autorizacións, cando corresponda, medidas de redución do risco.

No prazo de dous anos a partir da data de inclusión da fenpropidina, o/os notificador/es da substancia activa deberá/án presentar:

Información que permita controlar o risco para os organismos acuáticos que entrañan os metabolitos que conteñen a fracción de benzilo.

Información que permita controlar o risco de biomagnificación en cadeas alimentarias acuáticas.

Prazo da inclusión: do 1 de maio de 2009 ao 30 de abril de 2019.

Prazo para a aplicación das condicións de inclusión: o 30 de abril de 2009.

Prazo para a aplicación dos requisitos dun anexo II: o 31 de outubro de 2009, para dispoñer que o titular da autorización teña acceso a unha documentación que reúna os requisitos do anexo II do Real decreto 2163/1994, cando a súa substancia sexa de procedencia distinta á do notificador principal.

Prazo para a aplicación dos principios uniformes: o 30 de abril de 2013 para produtos que conteñan fenpiroximato como única substancia activa, ou ben como unha de varias substancias activas incluídas na súa totalidade no anexo I do Real decreto 2163/1994 para a dita data, ou se é posterior, na data límite que estableza a orde pola cal se inclúen as substancias activas en cuestión no anexo I do citado real decreto.

Protección de datos: por ser o fenpiroximato unha substancia activa antiga, aplicarase o réxime correspondente de protección de datos previsto no artigo 30 do Real decreto 2163/1994.

Condições da inclusión da substancia activa Tralkoxidim

Características:

Nome común: Tralkoxidim.

N.º CAS: 87820-88-0.

N.º CIPAC: 544.

Nome químico (IUPAC): (RS)-2-[(EZ)-1-(etoxiimino)-propil]-3-hidroxi-5-3-hidroxicilohex-2-en-1-ona.

Pureza mínima da substancia: \geq 960 g/kg.

Condições da inclusión:

Parte A: Usos: só poderá ser utilizado como herbicida.

Parte B: Para a aplicación dos principios uniformes, atendendo ás conclusións do informe de revisión da Comisión Europea, aprobado polo Comité Permanente da Cadea Alimentaria e de Sanidade Animal na súa reunión do 11 de xullo de 2008, deberase atender especialmente:

Á protección das augas subterráneas, en particular, contra o metabolito de solo R173642, cando a substancia se aplique en zonas con solos ou condicións climáticas vulnerables.

Á protección dos mamíferos herbívoros, e incluír como condición nas autorizacións, cando corresponda, medidas de redución do risco.

No prazo de dous anos a partir da data de inclusión do tralkoxidim, o/os notificador/es da substancia activa deberá/án presentar información que permita controlar o risco a longo prazo para os mamíferos herbívoros derivado da utilización do detralcoxidim.

Prazo da inclusión: do 1 de maio de 2009 ao 30 de abril de 2019.

Prazo para a aplicación das condicións de inclusión: o 30 de abril de 2009.

Prazo para a aplicación dos requisitos dun anexo II: o 31 de outubro de 2009, para dispoñer que o titular da autorización teña acceso a unha documentación que reúna os requisitos do anexo II do Real decreto 2163/1994, cando a súa substancia sexa de procedencia distinta á do notificador principal.

Prazo para a aplicación dos principios uniformes: o 30 de abril de 2013 para produtos que conteñan tralcoxidim como única substancia activa, ou ben como unha de varias substancias activas incluídas na súa totalidade no anexo I do Real decreto 2163/1994 para a dita data, ou se é posterior, na data límite que estableza a orde pola cal se inclúen as substancias activas en cuestión no anexo I do citado real decreto.

Protección de datos: por ser o tralcoxidim unha substancia activa antiga, aplicarase o réxime correspondente de protección de datos previsto no artigo 30 do Real decreto 2163/1994.

Condições da inclusión da substancia activa Flutolanilo

Características:

Nome común: Flutolanilo.

N.º CAS: 66332-96-5.

N.º CIPAC: 524.

Nome químico (IUPAC): α,α,α -trifluor-3'-isopropoxi-o-toluanilida.

Pureza mínima da substancia: \geq 975 g/kg.

Condições da inclusión:

Parte A: Usos: só poderá ser utilizado como funxicida.

Parte B: Para a aplicación dos principios uniformes, atendendo ás conclusións do informe de revisión da Comisión Europea, aprobado polo Comité Permanente da Cadea Alimentaria e de Sanidade Animal na súa reunión do 20 de maio de 2008, deberase atender especialmente:

Á protección das augas subterráneas, cando a substancia activa se aplique en zonas con solos ou condicións climáticas vulnerables.

Prazo da inclusión: do 1 de marzo de 2009 ao 28 de febreiro de 2019.

Prazo para a aplicación das condicións de inclusión: o 28 de febreiro de 2009.

Prazo para a aplicación dos requisitos dun anexo II: 31 de agosto de 2009 para determinar que o titular da autorización teña acceso a unha documentación que reúna os requisitos do anexo II do Real decreto 2163/1994, cando a súa substancia sexa de procedencia distinta á do notificador principal.

Prazo para a aplicación dos principios uniformes: o 28 de febreiro de 2013 para produtos que conteñan flutolanilo como única substancia activa, ou ben como unha de varias substancias activas incluídas na súa totalidade no anexo I do Real decreto 2163/1994 para a dita data, ou se é posterior, na data límite que estableza a orde pola cal se inclúen as substancias activas en cuestión no anexo I do citado real decreto.

Protección de datos: por ser o flutolanilo unha substancia activa antiga, aplicarase o réxime correspondente de protección de datos previsto no artigo 30 do Real decreto 2163/1994.

Condições da inclusión da substancia activa Benfluralina

Características:

Nome común: Benfluralina.

N.º CAS: 1861-40-1.

N.º CIPAC: 285.

Nome químico (IUPAC): N-butil-N-etil- α,α -trifluor-2,6-dinitro-p-toluidina.

Pureza mínima da substancia: ≥ 960 g/kg. Impurezas: etil-butil-nitrosamina: máx. 0,1 mg/kg.

Condições da inclusión:

Parte A: Usos: só poderá ser utilizado como herbicida.

Parte B: Para a aplicación dos principios uniformes, atendendo ás conclusións do informe de revisión da Comisión Europea, aprobado polo Comité Permanente da Cadea Alimentaria e de Sanidade Animal na súa reunión do 20 de maio de 2008, deberase atender especialmente:

Á protección da seguranza dos operarios, e incluír como condición nas correspondentes autorizacións, cando corresponda, a utilización de equipamentos de protección individual adecuados, así como medidas de redución do risco para limitar a exposición.

Aos residuos nos alimentos de orixe animal ou vexetal, e avaliar a exposición dos consumidores a través da alimentación.

Á protección das aves, dos mamíferos, das augas superficiais e dos organismos acuáticos, e incluír como condición nas correspondentes autorizacións, cando corresponda, medidas de redución do risco, por exemplo zonas buffer.

No prazo de dous anos a partir da data de inclusión da benfluralina, o/os notificador/es da substancia activa deberá/án presentar estudos adicionais tanto sobre o metabolismo dos cultivos de rotación como para confirmar a determinación do risco en relación co metabolito B12 e cos organismos acuáticos.

Prazo da inclusión: do 1 de marzo de 2009 ao 28 de febreiro de 2019.

Prazo para a aplicación das condicións de inclusión: o 28 de febreiro de 2009.

Prazo para a aplicación dos requisitos dun anexo II: o 31 de agosto de 2009 para determinar que o titular da autorización teña acceso a unha documentación que reúna os requisitos do anexo II do Real decreto 2163/1994, cando a súa substancia sexa de procedencia distinta á do notificador principal.

Prazo para a aplicación dos principios uniformes: o 28 de febreiro de 2013 para produtos que conteñan benfluralina como única substancia activa, ou ben como unha de varias substancias activas incluídas na súa totalidade no anexo I do Real decreto 2163/1994 para a dita data, ou se é posterior, na data límite que estableza a orde pola cal se inclúen as substancias activas en cuestión no anexo I do citado real decreto.

Protección de datos: por ser a benfluralina unha substancia activa antiga, aplicarase o réxime correspondente de protección de datos previsto no artigo 30 do Real decreto 2163/1994.

Condicións da inclusión da substancia activa Fluazinam

Características:

Nome común: Fluazinam.

N.º CAS: 79622-59-6.

N.º CIPAC: 521.

Nome químico (IUPAC): 3-cloro-N-(3-cloro-5-trifluorometil-2-piridil) α,α,α -trifluor-2,6-dinitro-p-toluidina.

Pureza mínima da substancia: ≥ 960 g/kg. Impurezas: 5-cloro-N-(3-cloro-5-trifluorometil-2-piridil) α,α,α -trifluor-4,6-dinitro-o-toluidina, máx. 2 g/kg.

Condicións da inclusión:

Parte A: Usos: só poderá ser utilizado como funxicida.

Parte B: Para a aplicación dos principios uniformes, atendendo ás conclusións do informe de revisión da Comisión Europea, aprobado polo Comité Permanente da Cadea Alimentaria e de Sanidade Animal na súa reunión do 20 de maio de 2008, deberase atender especialmente:

Á protección da seguranza dos traballadores, e incluír como condición nas correspondentes autorizacións, cando corresponda, a utilización de equipamentos de protección individual axeitados, así como medidas de redución do risco para limitar a exposición.

Aos residuos nos alimentos de orixe animal ou vexetal, e avaliar a exposición dos consumidores a través da alimentación.

Á protección dos organismos acuáticos, e incluír como condición nas correspondentes autorizacións, cando corresponda, medidas de redución do risco, por exemplo zonas buffer.

No prazo de dous anos a partir da data de inclusión de fluazinam, o/os notificador/es da substancia activa deberá/án presentar estudos adicionais co fin de confirmar a determinación do risco para os organismos acuáticos e os macroorganismos do solo.

Prazo da inclusión: do 1 de marzo de 2009 ao 28 de febreiro de 2019.

Prazo para a aplicación das condicións de inclusión: o 28 de febreiro de 2009.

Prazo para a aplicación dos requisitos dun anexo II: o 31 de agosto de 2009 para determinar que o titular da autorización teña acceso a unha documentación que reúna os requisitos do anexo II do Real decreto 2163/1994, cando a súa substancia sexa de procedencia distinta á do notificador principal.

Prazo para a aplicación dos principios uniformes: o 28 de febreiro de 2013 para produtos que conteñan fluazinam como única substancia activa, ou ben como unha de varias substancias activas incluídas na súa totalidade no anexo I do Real decreto 2163/1994

para a dita data, ou se é posterior, na data límite que estableza a orde pola cal se inclúen as substancias activas en cuestión no anexo I do citado real decreto.

Protección de datos: por ser o fluazinam unha substancia activa antiga, aplicarase o réxime correspondente de protección de datos previsto no artigo 30 do Real decreto 2163/1994.

Condicións da inclusión da substancia activa Fuberidazol

Características:

Nome común: Fuberidazol.

N.º CAS: 3878-19-1.

N.º CIPAC: 525.

Nome químico (IUPAC): 2-(2'-fúril)benzimidazol.

Pureza mínima da substancia: ≥ 970 g/kg.

Condicións da inclusión:

Parte A: Usos: só poderá ser utilizado como funxicida.

Parte B: Para a aplicación dos principios uniformes, atendendo ás conclusións do informe de revisión da Comisión Europea, aprobado polo Comité Permanente da Cadea Alimentaria e de Sanidade Animal na súa reunión do 20 de maio de 2008, deberase atender especialmente:

Á seguranza dos operarios, e incluír nas respectivas autorizacións, cando corresponda, que se exixa a utilización de equipamentos de protección individual adecuados.

Ao risco a longo prazo para os mamíferos, e incluír nas respectivas autorizacións, cando corresponda, medidas de redución do risco; nese caso, débese utilizar un equipamento adecuado que garanta un alto nivel de incorporación ao solo e unha minimización dos derramos durante a aplicación.

Prazo da inclusión: do 1 de marzo de 2009 ao 28 de febreiro de 2019.

Prazo para a aplicación das condicións de inclusión: o 28 de febreiro de 2009.

Prazo para a aplicación dos requisitos dun anexo II: o 31 de agosto de 2009 para determinar que o titular da autorización teña acceso a unha documentación que reúna os requisitos do anexo II do Real decreto 2163/1994, cando a súa substancia sexa de procedencia distinta á do notificador principal.

Prazo para a aplicación dos principios uniformes: o 28 de febreiro de 2013 para produtos que conteñan fuberidazol como única substancia activa, ou ben como unha de varias substancias activas incluídas na súa totalidade no anexo I do Real decreto 2163/1994 para a dita data, ou se é posterior, na data límite que estableza a orde pola cal se inclúen as substancias activas en cuestión no anexo I do citado real decreto.

Protección de datos: por ser o fuberidazol unha substancia activa antiga, aplicarase o réxime correspondente de protección de datos previsto no artigo 30 do Real decreto 2163/1994.

Condicións da inclusión da substancia activa Mepicuat

Características:

Nome común: Mepicuat.

N.º CAS: 15302-91-7.

N.º CIPAC: 440.

Nome químico (IUPAC): cloruro de 1,1-dimetilpiperidinio (cloruro de mepicuat).

Pureza mínima da substancia: ≥ 990 g/kg.

Condicións da inclusión:

Parte A: Usos: só poderá ser utilizado como regulador do crecemento vexetal.

Parte B: Para a aplicación dos principios uniformes, atendendo ás conclusións do informe de revisión da Comisión Europea, aprobado polo Comité Permanente da Cadea Alimentaria e de Sanidade Animal na súa reunión do 20 de maio de 2008, deberase atender especialmente:

Aos residuos nos alimentos de orixe vexetal e animal e avaliar a exposición dos consumidores a través da alimentación.

Prazo da inclusión: do 1 de marzo de 2009 ao 28 de febreiro de 2019.

Prazo para a aplicación das condicións de inclusión: o 28 de febreiro de 2009.

Prazo para a aplicación dos requisitos dun anexo II: o 31 de agosto de 2009 para determinar que o titular da autorización teña acceso a unha documentación que reúna os requisitos do anexo II do Real decreto 2163/1994, cando a súa substancia sexa de procedencia distinta á do notificador principal.

Prazo para a aplicación dos principios uniformes: o 28 de febreiro de 2013 para produtos que conteñan mepicuat como única substancia activa, ou ben como unha de varias substancias activas incluídas na súa totalidade no anexo I do Real decreto 2163/1994 para a dita data, ou se é posterior, na data límite que estableza a orde pola cal se inclúen as substancias activas en cuestión no anexo I do citado real decreto.

Protección de datos: por ser o mepicuat unha substancia activa antiga, aplicarase o réxime correspondente de protección de datos previsto no artigo 30 do Real decreto 2163/1994.

Condicións da inclusión da substancia activa Bacillus thuringiensis subps. aizawai

Características:

Nome común: Bacillus thuringiensis subps. aizawai.

CEPA: ABTS-1857.

Colección de cultivos n.º SD-1372.

CEPA: GC-91.

Colección de cultivos n.º NCTC 11821.

Pureza: Ningunha impureza relevante.

Condicións da inclusión:

Parte A: Usos: só poderá ser utilizado como insecticida.

Parte B: Na avaliación global, segundo os principios uniformes, atenderase ás conclusións do informe de revisión da Comisión Europea, aprobado polo Comité Permanente da Cadea Alimentaria e de Sanidade Animal na súa reunión do 11 de xullo de 2008.

Prazo da inclusión: do 1 de maio de 2009 ao 30 de abril de 2019.

Prazo para a aplicación das condicións de inclusión: o 30 de abril de 2009.

Prazo para a aplicación dos requisitos dun anexo II: o 31 de outubro de 2009 para determinar que o titular da autorización teña acceso a unha documentación que reúna os requisitos do anexo II do Real decreto 2163/1994, cando a súa substancia sexa de procedencia distinta á do notificador principal.

Prazo para a aplicación dos principios uniformes: o 30 de abril de 2014 para produtos que conteñan bacillus thuringiensis subps. aizawai como única substancia activa, ou ben como unha de varias substancias activas incluídas na súa totalidade no anexo I do Real decreto 2163/1994 para a dita data, ou se é posterior, na data límite que estableza a orde pola cal se inclúen as substancias activas en cuestión no anexo I do citado real decreto.

Protección de datos: por ser o bacillus thuringiensis subsp. aizawai unha substancia activa antiga, aplicarase o réxime correspondente de protección de datos previsto no artigo 30 do Real decreto 2163/1994.

Condicións da inclusión da substancia activa Bacillus thuringiensis subps. israelensis

Características:

Nome común: Bacillus thuringiensis subps. israelensis (serotipo H-14).

CEPA: AM65-52.

Colección de cultivos n.º ATCC-1276.

Pureza: Ningunha impureza relevante.

Condicións da inclusión:

Parte A: Usos: só poderá ser utilizado como insecticida.

Parte B: Na avaliación global, segundo os principios uniformes, atenderase ás conclusións do informe de revisión da Comisión Europea, aprobado polo Comité Permanente da Cadea Alimentaria e de Sanidade Animal na súa reunión do 11 de xullo de 2008.

Prazo da inclusión: do 1 de maio de 2009 ao 30 de abril de 2019.

Prazo para a aplicación das condicións de inclusión: o 30 de abril de 2009.

Prazo para a aplicación dos requisitos dun anexo II: o 31 de outubro de 2009 para determinar que o titular da autorización teña acceso a unha documentación que reúna os requisitos do anexo II do Real decreto 2163/1994, cando a súa substancia sexa de procedencia distinta á do notificador principal.

Prazo para a aplicación dos principios uniformes: o 30 de abril de 2014 para produtos que conteñan bacillus thuringiensis subsp. israelensis como única substancia activa, ou ben como unha de varias substancias activas incluídas na súa totalidade no anexo I do Real decreto 2163/1994 para a dita data, ou se é posterior, na data límite que estableza a orde pola cal se inclúen as substancias activas en cuestión no anexo I do citado real decreto.

Protección de datos: por ser o bacillus thuringiensis subsp. israelensis unha substancia activa antiga, aplicarase o réxime correspondente de protección de datos previsto no artigo 30 do Real decreto 2163/1994.

Condicións da inclusión da substancia activa Bacillus thuringiensis subps. kurstaki

Características:

Nome común: Bacillus thuringiensis subps. kurstaki.

CEPA: ABTS351.

Colección de cultivos n.º ATCC SD-1275.

CEPA: PB 54.

Colección de cultivos n.º CECT 7209.

CEPA: SA 11.

Colección de cultivos n.º NRRL B-30790.

CEPA: SA 12.

Colección de cultivos n.º NRRL B-30791.

CEPA: EG 2348.

Colección de cultivos n.º NRRL B-18208.

Pureza: Ningunha impureza relevante.

Condicións da inclusión:

Parte A: Usos: só poderá ser utilizado como insecticida.

Parte B: Na avaliación global, segundo os principios uniformes, atenderase ás conclusións do informe de revisión da Comisión Europea, aprobado polo Comité Permanente da Cadea Alimentaria e de Sanidade Animal na súa reunión do 11 de xullo de 2008.

Prazo da inclusión: do 1 de maio de 2009 ao 30 de abril de 2019.

Prazo para a aplicación das condicións de inclusión: o 30 de abril de 2009.

Prazo para a aplicación dos requisitos dun anexo II: o 31 de outubro de 2009 para determinar que o titular da autorización teña acceso a unha documentación que reúna os requisitos do anexo II do Real decreto 2163/1994, cando a súa substancia sexa de procedencia distinta á do notificador principal.

Prazo para a aplicación dos principios uniformes: o 30 de abril de 2014 para produtos que conteñan *Bacillus thuringiensis* subsp. *kurstaki* como única substancia activa, ou ben como unha de varias substancias activas incluídas na súa totalidade no anexo I do Real decreto 2163/1994 para a dita data, ou se é posterior, na data límite que estableza a orde pola cal se inclúen as substancias activas en cuestión no anexo I do citado real decreto.

Protección de datos: por ser o *Bacillus thuringiensis* subsp. *kurstaki* unha substancia activa antiga, aplicarase o réxime correspondente de protección de datos previsto no artigo 30 do Real decreto 2163/1994.

Condicións da inclusión da substancia activa Bacillus thuringiensis subsp. Tenebrionis

Características:

Nome común: *Bacillus thuringiensis* subsp. *tenebrionis*.

CEPA: nB 176 (TM 14 1).

Colección de cultivos n.º SD-5428.

Pureza: ningunha impureza relevante.

Condicións da inclusión:

Parte A: Usos: só poderá ser utilizado como insecticida.

Parte B: Na avaliación global, segundo os principios uniformes, atenderase ás conclusións do informe de revisión da Comisión Europea, aprobado polo Comité Permanente da Cadea Alimentaria e de Sanidade Animal na súa reunión do 11 de xullo de 2008.

Prazo da inclusión: do 1 de maio de 2009 ao 30 de abril de 2019.

Prazo para a aplicación das condicións de inclusión: o 30 de abril de 2009.

Prazo para a aplicación dos requisitos dun anexo II: o 31 de outubro de 2009 para determinar que o titular da autorización teña acceso a unha documentación que reúna os requisitos do anexo II do Real decreto 2163/1994, cando a súa substancia sexa de procedencia distinta á do notificador principal.

Prazo para a aplicación dos principios uniformes: o 30 de abril de 2014 para produtos que conteñan *Bacillus thuringiensis* subsp. *tenebrionis* como única substancia activa, ou ben como unha de varias substancias activas incluídas na súa totalidade no anexo I do Real decreto 2163/1994 para a dita data, ou se é posterior, na data límite que estableza a orde pola cal se inclúen as substancias activas en cuestión no anexo I do citado real decreto.

Protección de datos: por ser o *Bacillus thuringiensis* subsp. *tenebrionis* unha substancia activa antiga, aplicarase o réxime correspondente de protección de datos previsto no artigo 30 do Real decreto 2163/1994.

Condicións da inclusión da substancia activa Beauveria bassiana

Características:

Nome común: *Beauveria bassiana*.

CEPA: ATCC 74040.

Colección de cultivos n.º ATCC 74040.
CEPA: GHA.
Colección de cultivos n.º ATCC 74250.
Pureza: Nivel máximo de beauvericina 5 mg/kg.

Condições da inclusión:

Parte A: Usos: só poderá ser utilizado como insecticida.

Parte B: Na avaliación global, segundo os principios uniformes, atenderase ás conclusións do informe de revisión da Comisión Europea, aprobado polo Comité Permanente da Cadea Alimentaria e de Sanidade Animal na súa reunión do 11 de xullo de 2008.

Prazo da inclusión: do 1 de maio de 2009 ao 30 de abril de 2019.

Prazo para a aplicación das condicións de inclusión: o 30 de abril de 2009.

Prazo para a aplicación dos requisitos dun anexo II: o 31 de outubro de 2009 para determinar que o titular da autorización teña acceso a unha documentación que reúna os requisitos do anexo II do Real decreto 2163/1994, cando a súa substancia sexa de procedencia distinta á do notificador principal.

Prazo para a aplicación dos principios uniformes: o 30 de abril de 2014 para produtos que conteñan beauveria bassiana como única substancia activa, ou ben como unha de varias substancias activas incluídas na súa totalidade no anexo I do Real decreto 2163/1994 para a dita data, ou se é posterior, na data límite que estableza a orde pola cal se inclúen as substancias activas en cuestión no anexo I do citado real decreto.

Protección de datos: por ser o beauveria bassiana unha substancia activa antiga, aplicarase o réxime correspondente de protección de datos previsto no artigo 30 do Real decreto 2163/1994.

*Condições da inclusión da substancia activa *Cydia pomonella Granulovirus (CpGV)**

Características:

Nome común: *Cydia pomonella Granulovirus (CpGV)*.

Pureza: Microorganismos contaminantes (*Bacillus cereus*) <1 x 10⁶ CFU/g.

Condições da inclusión:

Parte A: Usos: só poderá ser utilizado como insecticida.

Parte B: Na avaliación global, segundo os principios uniformes, atenderase ás conclusións do informe de revisión da Comisión Europea, aprobado polo Comité Permanente da Cadea Alimentaria e de Sanidade Animal na súa reunión do 11 de xullo de 2008.

Prazo da inclusión: do 1 de maio de 2009 ao 30 de abril de 2019.

Prazo para a aplicación das condicións de inclusión: o 30 de abril de 2009.

Prazo para a aplicación dos requisitos dun anexo II: o 31 de outubro de 2009 para determinar que o titular da autorización teña acceso a unha documentación que reúna os requisitos do anexo II do Real decreto 2163/1994, cando a súa substancia sexa de procedencia distinta á do notificador principal.

Prazo para a aplicación dos principios uniformes: o 30 de abril de 2014 para produtos que conteñan *Cydia pomonella granulovirus* como única substancia activa, ou ben como unha de varias substancias activas incluídas na súa totalidade no anexo I do Real decreto 2163/1994 para a dita data, ou se é posterior, na data límite que estableza a orde pola cal se inclúen as substancias activas en cuestión no anexo I do citado real decreto.

Protección de datos: por ser o *Cydia pomonella Granulovirus* unha substancia activa antiga, aplicarase o réxime correspondente de protección de datos previsto no artigo 30 do Real decreto 2163/1994.

Condicións da inclusión da substancia activa Lecanicillium muscarium

Características:

Nome común: Lecanicillium muscarium (anteriormente Verticilium lecanii).

CEPA: VE 6.

Colección de cultivos n.º CABI (=IMI) 268317, CBS 102071, ARSEF 5128.

Pureza: Ningunha impureza relevante.

Condicións da inclusión:

Parte A: Usos: só poderá ser utilizado como insecticida.

Parte B: Na avaliación global, segundo os principios uniformes, atenderase ás conclusións do informe de revisión da Comisión Europea, aprobado polo Comité Permanente da Cadea Alimentaria e de Sanidade Animal na súa reunión do 11 de xullo de 2008.

Prazo da inclusión: do 1 de maio de 2009 ao 30 de abril de 2019.

Prazo para a aplicación das condicións de inclusión: o 30 de abril de 2009.

Prazo para a aplicación dos requisitos dun anexo II: o 31 de outubro de 2009 para determinar que o titular da autorización teña acceso a unha documentación que reúna os requisitos do anexo II do Real decreto 2163/1994, cando a súa substancia sexa de procedencia distinta á do notificador principal.

Prazo para a aplicación dos principios uniformes: o 30 de abril de 2014 para produtos que conteñan lecanicillium muscarium como única substancia activa, ou ben como unha de varias substancias activas incluídas na súa totalidade no anexo I do Real decreto 2163/1994 para a dita data, ou se é posterior, na data límite que estableza a orde pola cal se inclúen as substancias activas en cuestión no anexo I do citado real decreto.

Protección de datos: por ser o Lecanicillium muscarium unha substancia activa antiga, aplicarase o réxime correspondente de protección de datos previsto no artigo 30 do Real decreto 2163/1994.

Condicións da inclusión da substancia activa Metarhizium anisopliae var. anisopliae

Características:

Nome común: Metarhizium anisopliae var. Anisopliae).

CEPA: BIPESCO 5/F52.

Colección de cultivos n.º M.a. 43: n.º 275-86 (acrónimos V275 ou KVL 275); n.º KVL 99-112 (Ma 275 ou V 275); n.º DSM 3884; n.º ATCC 90448; n.º ARSEF 1095.

Pureza: Ningunha impureza relevante.

Condicións da inclusión:

Parte A: Usos: só poderá ser utilizado como insecticida e acaricida.

Parte B: Na avaliación global, segundo os principios uniformes, atenderase ás conclusións do informe de revisión da Comisión Europea, aprobado polo Comité Permanente da Cadea Alimentaria e de Sanidade Animal na súa reunión do 11 de xullo de 2008.

Prazo da inclusión: do 1 de maio de 2009 ao 30 de abril de 2019.

Prazo para a aplicación das condicións de inclusión: o 30 de abril de 2009.

